



IV FESTIVAL PRIMAVERA DO CINE EN VIGO

BASES

PRIMEIRA.- Poderán optar á exhibición e participación en concurso as obras audiovisuais feitas en Galicia ou por galegos/as dende os comezos do noso audiovisual. Estas obras optan a ser seleccionadas para as seguintes seccións en competencia:

- Longametraxe galega (ficción, non ficción ou animación). Duración maior de 30 minutos.
- Curtametraxe galega (ficción, non ficción ou animación). Duración menor de 30 minutos.
- Videoclip galego.

SEGUNDA.- Do mesmo xeito, poderán optar á exhibición, aínda que non participación en concurso, as obras audiovisuais feitas en calquera dos países que forman parte da *Comunidade dos Países de Lingua Portuguesa* (CPLP; consultar países membros no Anexo II). É requisito para as obras lusófonas empregar como primeira lingua o portugués e estar subtituladas ao galego ou ao castelán. Non hai límite en canto ao ano de produción.

As categorías son as seguintes:

- Longametraxe lusófona (ficción, documental ou animación). Duración maior de 30 minutos.
- Curtametraxe lusófona (ficción, documental ou animación). Duración menor de 30 minutos.

TERCEIRA.- Os materiais audiovisuais feitos en Galicia ou por galegos/as deberán estar dialogadas en lingua galega ou castelá, ou ben estar subtituladas nunha de ambas linguas.

CUARTA.- Os audiovisuais presentados someteranse a unha preselección antes de ser aceptados e optarán a calquera das categorías a criterio do comité de selección.

QUINTA.- Os materiais audiovisuais entregados terán unha duración entre 30 segundos (mínimo) e 120 minutos (máximo).

SEXTA.- Para que a obra sexa aceptada, requírese que todos os seguintes elementos sexan recibidos antes da data límite:

1) Formulario electrónico de inscrición, dispoñible na páxina web do festival <http://primaveradocine.com> debidamente cuberto. A organización enviará confirmación de recepción vía correo electrónico.

Alternativamente, poderase imprimir o formulario que figura no Anexo I e enviálo debidamente cuberto por correo postal ao apartado de correos 6068, CP 36210 Vigo.

2) Obras presentadas a concurso, ou a exhibición no caso dos filmes lusófonos. Dúas opcións:

- En formato electrónico (preferible): mediante ligazón inserida no propio formulario de inscrición. Debe permitirse a descarga do ficheiro. Pódense consultar os detalles técnicos en <http://primaveradocine.com>. Ou ben utilizando como soporte o portal web Movibeta.com e levando a cabo os procesos que aí se detallan.
- En soporte físico: copia en formato DVDVideo ou BluRay Disc ao seguinte enderezo postal: apartado de correos 6068 CP 36210 Vigo. A data de saída ten que ser anterior á data límite de presentación de candidaturas.

Deberase engadir:

- x Unha fotografía ou fotograma da obra.
- x Breve biofilmografía do director/a ou produtor/a.

No caso de que o comité de selección estime que a calidade de reprodución da imaxe e/ou do son do material presentado non acadara uns estándares mínimos podería requirir o envío dunha nova copia de calidade superior ou deixar a obra fóra do proceso de selección.

Calquera material audiovisual preseleccionado para competición na que o/a postulante non sexa posuidor/a dos dereitos de autor/a ou exhibición debe achegar unha autorización por separado para que poida competir.

SÉTIMA.- As datas para a presentación de obras candidatas son do 12 de marzo ata o 17 de abril de 2015, ás 23:59 CET.

OITAVA.- A información contida no formulario de inscrición darase por fidedigna e será a base para confeccionar o catálogo e o programa de difusión do Festival.

NOVENA.- Non existe data límite de antigüidade para as producións audiovisuais recibidas. Calquera obra que cumpra as condicións anteriores é susceptible de ser seleccionada, independentemente do seu ano de produción.

DÉCIMA.- O *Festival Primavera do Cine* resérvase o dereito de utilizar secuencias ou materiais promocionais das obras seleccionadas e emitilos ou reproducilos en televisión, Internet ou calquera outro medio para fins promocionais ou educativos. Os participantes conservan os dereitos de autoría das súas obras.

UNDÉCIMA.- As obras recibidas quedarán no fondo videográfico do Festival. *Festival Primavera do Cine* conserva o dereito de reproducir os filmes seleccionados en mostras posteriores, sen ánimo de lucro, para a promoción do propio festival.

DUODÉCIMA.- A inscrición é de balde.

DÉCIMO TERCEIRA.- As/os participantes custearán o envío do seu material ao apartado de correos citado, ou ben a suba a Internet da obra inscrita no caso de que escollan unha plataforma de pagamento.

DÉCIMO CUARTA.- O *Festival* non se responsabiliza da custodia das producións presentadas, e por iso recoméndase non enviar orixinais senón copias.

DÉCIMO QUINTA.- Nesta cuarta edición o xurado deste festival será popular, polo que as/os asistentes serán os que decidirán as obras que levan os recoñecementos. Paralelamente, os patrocinadores poden dotar de mencións ou premios complementarios aos materiais exhibidos.

DÉCIMO SEXTA.- As decisións do xurado serán inapelables. A participación no *Festival* supón a total aceptación do presente regulamento.



ANEXO I
FICHA DE INSCRICIÓN

ANEXO II
**LISTAXE DE PAÍSES MEMBROS DA COMUNIDADE DOS PAÍSES DE LINGUA
PORTUGUESA (CPLP)**

- Portugal
- Brasil
- Angola
- Mozambique/Moçambique
- Cabo Verde
- Guinea-Bisau/Guiné-Bissau
- San Tomé e Príncipe/São Tomé e Príncipe
- Timor Leste/Timor-Leste
- Guinea Ecuatorial/Guiné Equatorial